



**Un movement
mundial:
Sómosche igrexa
(ou alomenos ermidiña)**

Divorcio: sábado e persoa

Un monseñor napolitano, Luigi Pignatiello, acaba de escribir: «Francamente non me convencen os documentos pastorais que se refiren á condición espiritual dos divorciados que volven casar». Porfía por 7 veces e denuncia a arrogancia da institución e a postura pastoralmente insensata do Vaticano neste asunto.

¶Xa en 1993 tres moi significativos bispos alemáns: Saier, o teólogo monseñor Kasper e o presidente do episcopado, Lehmann, solicitaban «unha reflexión para profundar nos problemas pastorais dos numerosos fracasos matrimoniais por motivos sempre menos atribuíbles a un xuízo canónico e sempre máis reivindicables en termos de conciencia persoal».

O control xurídico pleno da Igrexa sobre o matrimonio soamente se deu a partir do século XI. Os ministros do sacramento son os esposos, pero dá a impresión de que é o señor abade.

Invocar textos evanxélicos e non ter en conta a praxe da Igrexa dende os comezos, sobre todo na Igrexa Oriental, é ignorar que a actitude de Xesús foi misericordiosa e non xudicial.

Hoxe non se pode enfoca-lo matrimonio coma cando era cousa familiar, decidida polos pais e nun clima patriarcal inamobile na que se aturaba todo o que fose. Máis ca nunca, o matrimonio é cousa de dous e estes dous poden fracasar na convivencia, mesmo con prexuízo dos fillos. Quizais alguén cavile que existan demasiadas facilidades, sobre todo dende que a muller vai adquirindo autonomía económica e non ten que termar de situacións nas que tiña que aturar todo. Pero as cousas están así.

Máis decisivo aínda nos parece o feito dos descubrimentos da psicanálise: ningún mortal ten capacidade de realizar actos eternos, porque toda decisión humana está sometida á falibilidade, pois o inconsciente manda moito máis cá mesma conciencia. O divorcio é unha traxedia, pero pode ser un remedio; por iso hai que actuar con misericordia e non con cánones.

A Igrexa está pechada á disolución do matrimonio e só acepta unha vía: a declaración de nulidade: que nunca houbo matrimonio. Pero o sacramento ¿fano os cánones ou o consentimento da parella e o amor recíproco? As declaracións de nulidade prestáronse a moitos abusos -dióceses nas que se conseguían mellor por benevolencia ou por diñeiro-, e houbo presión dos mesmos canonistas do tribunal da Rota para que se tivesen máis en conta os descubrimentos da psicoloxía. Agora Roma amósasse máis suave coas nulidades e hai quen malicia que, ó perde-la batalla do divorcio, quere recuperar clientela e mando.

Un párroco que se atope co caso concreto de parellas divorciadas e voltas a casar, e el non se sinta propietario da comunión eclesial, está diante a espada dunha situación humana dolorosa e o muro da disciplina eclesiástica. Ha ter que optar: ser vítima da síndrome canónica ou poñer en práctica o principio-misericordia coa persoa, quebrantando o sábado.

O camelo e maila agulla

Daniel López Muñoz

Andan a voltas co conto de se o Pablo Vioque -o avogado este estremeño que fora amo da Cámara de Comercio de Vilagarcía e pillaron por cuestión de drogas-, tira da manta ou non. Os seus defensores amezan: *deixádeo ou tira da manta*; outros, coma o conselleiro de Xustiza, responden cun órdago, *que tire, que tire a ver que hai debaixo*; outros din coa boca pequena, *que tire, que tire, pero que tire pouquiño*.

É un xogo vello, pero divertido, este da manta. Repítese cada vez que collen a un de diñeiro-fácil-en-pouco-tempo-método-tanto-tén. Pode ser un político corrupto, un narcotraficante, un banqueiro engomado. E a cousa non ten amaño doado, porque este persoal, chámase Vioque, Conde, ou Roldán, era ata o mesmísimo día antes da irresistible caída prestixiosísimos cidadáns, mimados polo poder, temidos polo resto.

É coma o pecado orixinal do poder, especialmente do poder que está aí para conservalo que hai, na medida en que é conservador das situacións de privilexio, na medida en que é de dereita ou se dereitiza engaiolado pola parné. Terito, Vioque, Bea,... con currículo político escorado de estribor.

Efectivamente a cuestión

do diñeiro fácil, da riqueza inxusta, tanto nos chañas de vila excontrabandista perfeccionado coma nos *glamourosos* banqueiros feitos a si mesmos desfacendo a incautos desinformados, introduce a estes persoeiros nunha cultura de clase, nun ritmo trepidante, e o seu comportamento debe axustarse ós valores de ferro-de ouro- dese papel. Por iso a muller de Oubiña entraba na confeitaría co neno e berraba: *¡hala póñame sinco mil pesetas de chicles para o rapás!*

Sitúanse aí arriba e é o acabouse. Non vale querer ou non querer. Perden a liberdade para seren xustos. Ninguén fai preguntas ó seu redor. Nin o crego, claro. E os acontecementos e relacións de perendengue rodan sós, unha bebedela de admiracións e expectativas, o favor dos políticos, a presidencia do club de fútbol e da Confraría da Dolorosa, a audiencia no Vaticano, as revistas do corazón, os consellos de administración e as cámaras de comercio, o honoris causa, a autobiografía, a intercesión nas Illas Caimán para alcaldes en apuros orzamentarios, o paseo co presidente pola vila adiante,...Xa o dicía Marx, o Groucho: subimos desde a nada á máis absoluta miseria.

IRIMIA



FEITO EN
PAPEL RECICLADO

EDITA: Empresa periódica A IRIMIA

DIRECTORA: Carmen Puente Fernández, 15705 C/ Pombal, 30 (Santiago Telf.: 585330.

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Muñoz, Xosé Chao Rego, Carmela Capeáns Leis, Mariano Guizán Sánchez, Luciano Pena Andrade, Manolo Regal Ledo, Sara Paz Quiñones, Luis Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Xosé A. Miguélez, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tereixa Ledo, Colectivo "A Rella" (Antonio Fdez. Oca, Eliseo Miguélez, Constantino Mariño, Tonecho Meixide Fdez.), Anxo Moure Mosquera, Francisco Carballo, Tintxu, Pepe Coira, Mario Cambeiro, X. M. Lema Suárez, Manolo Sordo Villar, Fco. Lorenzo Mariño, Lois Ferradás, Madó Domínguez, Xesús Ferro Ruibal, Moisés Lozano Paz, Clodio González Pérez, Manolo R. Bernejo.

SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN: Apdo. 980 - Santiago de Compostela Telf.: 981 - 59 01 42 (De 3 a 5). Subscrición Ordinaria: 2.500 pts. Real: 3.000 pts. De Apolo: 5.000 pts.

CONTA: Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana nº 8 - Santiago Caixa Postal CC/1302-6000-83-0017905488

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81

IMPRIME: Graficolor MINERVA

Papá, non dou rezado

Tucho (fillo): Papá, ti ¿como fas para rezar? Eu algunha vez póñome a rezar e non dou rezado, non sei o que hei dicir.

Marcelo (pai): ¡Anda!, ¡que novidade!, tiña para min que pasaban de rezar.

Tucho: Non é que o faga moito, pero por veces paréceme como que non collo dentro de min mesmo, que teño necesidade de saír fóra de min, de atoparme con alguén máis grande, máis non sei como dicir, ... e iso tanto cando estou moi contento coma cando me vexo triste e encollido.

Marcelo: Tucho, rezar non é cousa de dicir estas ou aquelas palabras. Se sentes iso que dis, creo que vas por bo camiño. Coa fe, ese máis grande co que desexas atoparte fáiseche presente.

Tucho: Si, pero daquela, ¿que teño que facer?

Marcelo: Mira, vouche ler un poema que lin o outro día para dicir qué era iso da oración; a min gustoume moito. Voucho traducindo ó galego, que é mellor:

... rezar é conversar co noso Mestre,
é botarse ós seus pés sobre da herba,
ou entrar na casíña de Betania
para escoita-las charlas da súa cea;
rezar é informalo dun fracaso,
dicirlle que nos doe a cabeza;
rezar é invitálo á nosa barca
mentres botámo-la rede para a pesca,
e amañarlle unha almofada
sobre un mesote en popa á nosa beira;
e, por se acaso dorme,
non afrouxa-lo temón nas horas negras;
e é rezar -¡que rezar!- dicir «eu quérote»,
é o -«quero ver» do cego,
e o «límpame» angustioso pola lepra,
as bágoas sen verbas da viúva,
o «non hai viño» en Caná de Galilea;
e é oración coa cabeza gacha,
despois dun desamor chorar -«qué pena»-;
calquera limpo suspirar da alma
calquera irlle a Deus coas nosas lerias,
calquera poñer nel as nosas ansias...
-e esta vida está chea de «calqueras»-,
todo tenro falarlle ó noso Pai,
todo é rezar... ¡¡e hai xente que non reza!!



Escribiuno un poeta que se chama Xosé Lois Carreño. ¿Gustouche?

Tucho: Gustou, aunque hai algunha cousa que non entendo ben. ¿Harmo escribir e pasar?

Marcelo: Por suposto; xa verás como lle sacas proveito.

En paz contra o medo

Domingo 3 de Pascua

Lc 24, 35-48 -- 13 de abril

Hai palabras que teñen unha densidade especial, segundo e cal sexa o momento da vida que poidamos estar vivindo; unha destas palabras é a palabra «paz», referida aquí a esa confianza fonda que bota fóra tódolos medos. Outra palabra especialmente densa é precisamente a palabra «medo». Os cristiáns polo Espírito somos testemuñas desa paz fonda, capaz de superar calquera deses medos, que nos atan cando queremos reface-la nosa vida e axudar a cambia-la cara do mundo.

* * *

¡Decididamente por nós!

Domingo 4 de Pascua

Xn 10, 11-18 -- 20 de abril

Podemos ter un mal cura, un mal bispo, un mal papa. Pero, máis alá e máis acá destes servidores da comunidade, está Cristo, Bo Pastor; el garántenos un apaixonamento total de Deus por nós, unhas relacións de amizade mutua inquebrantable, que nunca ninguén nos anunciará suficientemente. ¡E cantas veces erroneamente nos teñen asustado con Deus! E iso que Xesús nos falou dun amor voluntario, baseado na fondura do seu corazón solidario.



O ÚLTIMO EXECUTADO en plena Semana Santa na cadeira eléctrica de Florida foi un inmigrante cubano acusado de asasinato e declarado pola súa defensa enfermo mental.

O mesmo Papa intercedeu por el. Nos últimos vinte anos foron executados coa pena de morte trescentos corenta e seis cidadáns, o oitenta e cinco por cento de raza negra, mentres que máis da metade dos tres mil condenados á pena capital levan máis de catorce anos agardando no «corredor...»

ASTANO volve estar na picota, pendendo dun fío do que se decida na xuntanza a Unión Europea do vintecatro de abril. No oitenta e catro foi prohibido a este estaleiro a construción dos barcos tradicionais; agora que están a facer plataformas petrolíferas, queren impedirle a feitura das móbiles, só podería construí-las fixas, polo que sería outro mazazo nesta reconversión salvaxe que vén sufrindo desde hai anos. Por outra banda, e neste ambiente de tensión, están a negocia-lo seu convenio colectivo, dependendo do que os sindicatos fagan nas conversas de Madrid para a reforma da «reforma laboral». Na foto, o Presidente do Comité de Empresa, Xulio Abelleira.



AS VI XORNADAS do Seminario de Literatura Infantil e Xuvenil van celebrarse as dúas derradeiras fins de semana deste mes en Santiago, organizadas pola Aula de Cultura da Caixa de Aforros, baixo o título de «Panorámicas da Literatura Infantil e Xuvenil». Participan especialistas rusos, portugueses, neerlandeses..., cunha especial adicación ó teatro infantil, mesmo cunha actuación do Grupo Berrobambán na obra «Os petos de Ludovivo». Para inscribirse: 981-584436.

BENIGNO ÁLVAREZ, que foi deputado na Segunda República e secretario do PC de Ourense, vai ser homenaxeado en Maceda, a súa terra natal, o día quince deste mes. Un trece de marzo de hai sesenta anos morría despois de ser represaliado polos fascistas, tras unha vida de loita na que mesmo fundou un sindicato labrego para defende-los dereitos dos máis asoballados e nada lle era alleo da nosa cultura e sorprende a súa intervención no Congreso de Madrid no noso idioma para explica-lo seu voto nas eleccións do trinta de abril do trinta e seis. Neste mes de abril percorrera Ourense e Compostela unha exposición sobre a súa vida.



IRIMIA

Lembramos ós nosos suscritores que xa enviámo-lo impreso de cobro. Agradecemos que utilicedes esta opción porque é a máis barata para nós. Tamén pedimos desculpas ós que xa pagaron pero, por erro da caixa de aforros, recibiron o impreso de novo. Graciñas.



A FESTA DO LIBRO, un vintetrés de abril, obríganos a deixarnos acompañar por un destes amigos e non é porque escaseen, xa que temos máis de dez mil títulos no noso idioma; o ano pasado viron a luz mil

deles e a súa produción dobrouse nos sete anos pasados. Os cataláns lévannos moitos anos de vantaxe; en Galicia as editoriais comezan sobre todo nos cincuenta. Son os libros de texto os que máis exemplares venden, mentres que un vinte por cento son de literatura, a mesma porcentaxe de libros que se editan fóra do noso país mentres que en Euskadi e Catalunya só un dez por cento en prelos doutros países.

SARAXEVO é a meta do Papa Xoán Paulo II o doce e trece de abril, en plena Pascua Ortodoxa, unha das relixións cristiás máis seguida na rexión;



unha viaxe que tivo que aprazarse hai tres anos por razóns de seguridade. A capital de Bosnia sufriu hai unhas semanas varios atentados e protestas contra igrexas católicas e na rexión son moitos os que rexeitan o papel do Vaticano no conflito da antiga Iugoslavia.



O MONTE DE SANTA TEOGORIA volveu a ser nesta Semana Santa un dos lugares máis visitados do país. Neste conxunto galaico romano

harmonizan dun xeito moi fermoso a paisaxe do Baixo Miño e os restos arqueolóxicos da época castrexo-romana. Cunha media de case duascenas persoas diarias que medran moito máis nas romaxes do segundo domingo de agosto e do vintetrés de setembro, polo que pode considerarse que é unha das «industrias turísticas» máis importantes da zona.

A PAZ ESTÁ FERIDA de morte entre palestinos e xudeus. O primeiro ministro de Israel, Netanyahu, non ten vontade de paz, para el o dereito á autodeterminación é perigoso e só concibe a Palestina coma un ente sempre sometido a Israel, por exemplo,



nos temas de seguridade e exteriores; tamén lles nega as fontes de auga e o asentamento nas montañas do país... A frustración que están acumulando os palestinos é moi forte, sobre todo no sector xuvenil que só albiscan un horizonte moi negro, non esquezamos que a rexión de Gaza é a que máis medra en poboación de todo o mundo. Por outra banda, a batalla por Xerusalén xa escomezou con eses asentamentos que está a montar Israel na Xerusalén Oeste.



UNHA LOITA INACABADA é a chamada que está a facer Auxilia de Lugo, colectivo de defensa dos minusválidos físicos, na celebración dos seus XXV Anos. O día vintedous nunha táboa redonda discutírase sobre: «Integración: utopía ou realidade», na Fundación Caixa Galicia, un mes despois este tema: «Arte e discapacitados» no contorno dunha Exposición de Pintura de

membros desta asociación. Na fotografía Isabel García, que acaba de denunciar á administración de Asturias en nome do seu partido nacionalista Andecha Astur por non cumprir coa lei aprobada no Parlamento de «Supresión de Barreiras Arquitectónicas para Minusválidos» aprobada hai dous anos.

VIGO SOFRE ATENTADOS CONTRA A IGUALDADE SOCIAL como o que acaba de padece-lo cidadán senegalés Mamadou Kane, que aparece na fotografía, é que foi golpeado por membros da policía local, sen que ata agora o concello de Vigo fose moi sensible a esta lacra, mentres que foron varios os veciños que se presentaron coma testemuñas do altercado.



Dúas misas nunha misa



Por Francisco Lorenzo Mariño

Non se trata dunha dualidade matemáticamente inconcibible. É que hai casos que fan pensar seriamente no sentido da celebración da Eucaristía.

Por relación de amizade asistín a unha eucaristía de enterro noutra parroquia. O párroco invitoume a presidila e el concelebrou na mesma eucaristía. Só eramos nós dous, rematado o culto fómonos á sancristía.

Un familiar da finada preguntoulle ó Sr. Cura se non anunciaba a misa de entrada. O cura con toda amabilidade, constestoulle que xa a celebrara porque eramos dous. «Don Francisco dixo a misa do funeral e eu dixen a de entrada». O amigo quedou...non sei como...e tranquilo, pero perplexo.

A reflexión vén agora. Antes non se concibía un funeral sen máis ou menos cregos ou frades. Como había que xuntalos, as honras mortuorias podíanse demorar ata un mes. Entrementes, para que o defuntiño non quedase xaxún de misa, tiñaselle «polo eterno descanso» unha primeira misa que os fieis chamaban de entrada. Esta práctica segue, se ben agora a misa de entrada é a mesma eucaristía de enterro que case sempre se fai de «corpo presente»; a de «entrada», tal como a entenden os fieis, celébrase uns días despois.

O pobo fiel segue así e pide esas atencións porque en Galicia «polos mortos» faise todo o posible.

E vaíamos de novo ó que pasou na sancristía. O meu amigo aceptou pero non entendeu. E eu tampouco o entendo. En efecto, se a reunión sacramental é unha xuntanza para lembrar a Cristo e estar tamén con Deus Pai, e cos irmáns, aquela foi unha soa eucaristía anque fosemos moitos máis cregos a celebrala, pois doutro xeito non saímos do «ex opere operato» sen considerar que o pobo non o ve así. Eu penso nisto coma o pobo.

Claro está que mentres haxa esas ideas de «sufrixios», «valor infinito», «ánimas», «purgatorio»... Difícil o mutuo entendemento «pobocura, con Deus».

Máis supertaxa



Por Tintxu

¿Por que nos volven falar tódolos días da supertaxa? ¿Non quedaramos co señor Fraga en que non había nada que pagar? Estas preguntas pódennas facer moitos galegos que non estean ó tanto destes asuntos. O presidente da Xunta falaba da multa correspondente á produción do 1 de abril do 95 ó 31 de marzo do 96. Pero agora xa estamos falando da produción dos doce meses seguintes.

As cousas empezaron coa entrada de España na Comunidade Europea. Esta fixou unhas normas de produción, dada a acumulación de excedentes de leite e produtos derivados, de xeito que cada país producise unha cantidade próxima ó seu consumo, agás nalgún caso moi notable coma o de Irlanda e noutro tamén significativo como Holanda. A España, cando ingresou na CE, adxudicóuselle unha cota de pouco máis de 5 millóns de toneladas anuais, partindo do nivel de produción existente. E este fixouse, entre outras cousas, pedíndolles ós interesados unha declaración sobre a súa propia produción.

Os gandeiros, animados polos sindicatos (uns contrarios ó principio mesmo das cotas, outros que xogaban á contra do goberno socialista) e coa desconfianza de se non se trataba dun novo trabuco, declararon cantidades inferiores ás que realmente producían. E destes datos xurdiron logo as cotas individuais adxudicadas a cada produtor. O goberno -daquela e agora- argumenta que as cotas son o único xeito de garantirles ós gandeiros o poder seguir producindo leite, á marxe da libre competencia europea ou mundial, que podería traballar a prezos moito máis baixos.

Nos dez anos que leva funcionando o sistema, moitos gandeiros, sobre todo os máis pequenos, deixaron de producir por iniciativa propia ou acolléndose a axudas oficiais con tal obxectivo. Esas cantidades foron adxudicadas pola administración a outros produtores, segundo diversos criterios. Moitos gandeiros venderon os seus dereitos de produción (as tan citadas cotas) que mercaron outros para así poderen producir leite ou amenta-la súa cota. A situación segue evolucionando así cada ano.

Mentres tanto a administración non foi quen de chegar a un sistema que permita saber mes a mes a produción real do conxunto do país, que é a que decide se houbo exceso e, polo tanto, se hai que pagar multa. Os datos de marzo do 96 empezaron a clarificarse en setembro e en realidade non foron definitivos ata febreiro deste ano. Contra esta situación reclamaron unidos sindicatos e industrias en Galicia. Algún sindicato e as industrias parecen agora descansar na promesa de Manuel Fraga referida ó ano pasado e mantéñense en calma. Pero non así os outros, que se apoian no descontento de miles de gandeiros ós que as industrias lles reteñen cartos, xa que produciron máis leite do que tiñan autorizado e terían no seu caso que paga-la multa correspondente.

Claro que toda lei ten a súa trampa. Así se dan casos de paga-las pesetas correspondentes ó leite entregado, pero facendo figurar menos litros ou quilos (o chamado leite comprimido) ou pagar sen verdadeiras facturas ou xustificantes (leite negro). E ademais agora vai haber unha gran variedade de prezos, segundo a calidade: por iso sindicatos e industrias se distancian, mentres estas se aproximan á administración e os sindicatos marcan as diferencias políticas.

A cidade de David (2 Sam 5)

Brincamos do libro primeiro de Samuel (cap.18) ó segundo libro, no capítulo 5. Antes describíense as accións guerreiras; agora a ascensión de David coñece a habelencia dun diplomático que, morto o seu adversario Xaúl, faise cos seus partidarios. David, consagrado rei en segredo por Samuel, en Belén (1 Sam 16,13) agora dá a cara:



¹Tódalas tribos de Israel foron a Hebrón, xunto a David, para lle diciren: «Aquí nos tes. Nós somos do teu mesmo sangue. ²Xa antes, cando Xaúl reinaba sobre nós, eras ti quen conducía Israel e o Señor tíñache dito: ti alindara-lo meu pobo Israel, ti sera-lo seu xefe». ³Os anciáns de Israel presentáronse, pois, onda o rei en Hebrón. O rei David fixo un pacto alí con eles, diante do Señor, e eles unxiron a David por rei de Israel. ⁴David tiña trinta anos cando empezou a reinar e reinou corenta anos. ⁵En Hebrón reinou sobre Xudá sete anos e medio; en Xerusalén reinou trinta e tres anos, sobre Israel e Xudá. (1)

David, rei soamente de Xudá, tomara a precaución de levar consigo ó único sacerdote que Xaúl deixara con vida -Abiatar-, que proviña do santuario central da anfictionia de Israel ou liga federal das tribos. Agora ía realizar unha fazaña xenial:

⁶O rei marchou cos seus homes sobre Xerusalén contra os habitantes daquel país, os iebuseos. Eles tíñanlle dito a David: «Non poderás entrar aquí; rexeitarante os cegos e os coxos». Con iso querían dicir: «David non poderá entrar aquí». ⁷Pero David conquistou a fortaleza de Sión, que se converteu na cidade de David. (2)

Solución xenial: a cidade-Estado de Xerusalén non será nin do norte nin do sur, senón a cidade de David, propiedade privada do rei. Prescindiu de exército que non fose o propio, persoalmente recrutado por el mesmo cos guerrilleiros que contratara para loitar contra os filisteos.

⁸Aquel día David dixera: «Quen queira combate-los iebuseos, que se achegue polo túnel. A eses coxos e a eses cegos aborréceos David». De aí saíu aquel dito: nin cego nin coxo entre no templo. ⁹David instalouse na fortaleza e chamoulle cidade de David. David edificou ó redor dela desde o Miló para dentro. ¹⁰David medraba cada vez máis. O Señor, Deus dos exércitos, estaba con el. (3)

David respectou a vida dos iebuseos e non practicou a lei do exterminio. E cando tratou de construí-lo seu pazo -máis adiante tamén o templo-, non expropiou terreo ningún de xeito autoritario, senón que o mercou coma un paisano máis. Os fenicios, industriosos comerciantes veciños de Israel, estaban en condicións de botar unha man.

¹¹Hiram, rei de Tiro, mandoulle unha embaixada a David, con madeiras de cedro e con carpinteiros e canteiros, para que constrúisen o pazo de David. ¹²David comprendeu que o Señor o confirmaba por rei de Israel e que por mor do seu pobo Israel engrandecía o reino. (4)

Logo de realizar unha operación de prestixio económico e social -ter concubinas e posuír varias mulleres-, e de facerlles fillos, David sabe que todo é cousa do Señor dos exércitos! e, por iso, consulta con Iavé a estratexia militar a seguir. Aínda faltaba unha operación: trasladar do norte á súa cidade un obxecto que lle dese a definitiva lexitimidade: a arca da alianza. (5)

(1) David fora elixido soamente rei do sur, en Hebrón, territorio de Xudá. lugar importante por estar vencellado o seu santuario ás tradicións sobre o patriarca Abraham. Lugar céntrico para o sur, non o era para as tribos do norte, do chamado Israel. Ademais, podía ferir a súa sensibilidade, (pois considerábanse máis importantes), o feito de dependeren do sur. ¿El habería unha cidade máis céntrica que servise de fronteira entre os dous reinos? Haber habíaa, pero estaba en poder dos cananeos, mellor, dos iebuseos, habitantes naturais dende sempre. Non había máis solución cá militar.

(2) Conquistada a cidade do monte Sión, o problema era saber a quen pertencería: a Xudá, que estaba máis cerca, ou a Israel, con mellores dereitos históricos de capitalidade: a vila de Xequem, co seu santuario, en Israel, tiña moita tradición, pero cadraba moi ó norte. Ben sabémoslos galegos que establece-la capital dun reino ou dunha nación non é labor doado, pois calquera solución fere susceptibilidades.

(3) Con ironía, David refírese a esas persoas minusválidas, cegos e coxos, que, en linguaxe metafórica do rei dos iebuseos, serían capaces de defender unha cidade tan ben murada, unha verdadeira acrópole. Que por isto cegos e coxos non poidan participar na liturxia do templo é un engadido e nada ten que ver con isto, senón que se debe a sorprendentes concepcións de pureza ritual e a ideas de que as minusvalías procedían do pecado, cando non do afectado, alomenos dos devanceiros. Por iso Xesús de Nazaré reaccionou preferíndoos.

(4) O texto bíblico nada di do difícil xeito da conquista, pero dá a impresión de que fixo que algúns homes se coasen por un túnel que había dende o manancial das augas que atravesaba as murallas para fornecer auga ós habitantes da vila. Uns arqueólogos deste século (1909-1911) repetiron afazaña do xeneral Xoab, xefe dos mercenarios de David. Subiron dende o túnel da fonte de Xibón ata o interior de Xerusalén, como se ve no debuxo.

(5) Xerusalén non tiña ningún significado relixioso nin para Israel nin para Xudá. Certo que unha tradición fala do encontro entre Abraham e o xefe de Salem (Xerusalén) chamado Melquisédec, sacerdote do deus Altísimo. Pero estamos perante unha tradición posterior, elaborada precisamente pola monarquía para darlle prestixio á cidade e facer a Abraham precursor, cando o sacerdote rei de Salem lle ofreceu pan e viño (Xén 14,17-24)

Cuestión de matiz

No catolicismo liberal e ilustrado de Centroeuropa, unha importante minoría berrou: Somos Igrexa. Un nós xenérico e reivindicativo da totalidade fronte ó secuestro da imaxe e da realidade *Igrexa* pola xerarquía de corte medieval que goberna o Estado Vaticano e os seus embaixadores *urbi et orbe*.

Importado xa o movemento nas Terras de Breogán, houbo quen quixo adapta-lo berro (¿á idiosincrasia nacional?, ¿ás capacidades dixestivas da xerarquía autóctona –que non o é nin por adopción?). E a cousa quedou nun: *Nós tamén somos Igrexa*. Desta maneira métese ese *tamén*, quizabes co mesmo santo afán recatolizador co que un bo día se cambia, diante da perplexidade do seu autor, o verso final do retrouso do Credo Galego (que deixou de ser... *porque eu renazo galego*, para pasar a ser unha confesión episcopalmente aceptable. Un *tamén* que soa a: “Eminencias non nos marxinen que somos bos rapaces e queremos colaborar, iso si, disciplinada, ortodoxa e xeraquicamente”. Porque o da xeraquía é cousa mental, non só unha forma de organizarse.

Agora andamos no só por quitarlle o *tamén* conciliador, senón por converte-lo xenérico nós, nun afirmativo e parcial nosoutros. Nosoutros e nosoutras, os excluídos da película clerical, os que non somos perfectos –por non sermos precisamente célibes, *Deo gracias*, non obedecer demasiado e ter personalidade legal para adquirir bens e para cambiar, ¡que remedio!, traballo por salario–, as ovellas, dispen-sando, a clase de tropa para que me entenda toda aquela tropa. Noutras palabras, o pobo de Deus, que, ollo, por máis que non sexa o caso, somos maioritariamente mulleres e non sabemos teoloxía, aínda que nos emocione o Magnificat. Vamos, unha panda de pobre xente varre-igrexas, magdalenas, samaritanas, e marías nazarenas. Faise máis xustiza así ó esquema Conciliar sobre a Igrexa: primeiro Deus, despois o pobo, e por último os ministerios como servicio.

Tamén barallamos a posibilidade de darlle un matiz confidencial, amigable, cómplice, se queredes, e declarar: *nosoutras e nosoutros sómosche Igrexa*.

De calquera xeito, mentres *Igrexa* siga sendo o que obxectivamente é para a xente, mentres siga significando o que de feito significa, eu, de momento, invertiría a orde dos factores e poñería de título o subtítulo e viceversa. *Chamamento do Pobo de Deus (Nosoutros sómosche Igrexa)*. Aínda que por preferir, preferir, quedaríame con algo máis humilde, por exemplo isto: *Nosoutros e nosoutras sómosche Igrexa, ou, alomenos ermidiña*.

Daniel López.

A cousa principiou así

Austria, mes de xuño de 1995. Este país viña sufrindo, por parte de algúns bispos membros do Opus Dei, un integrista que non casaba coa actitude moderada do seu catolicismo. Naceu un documento. En poucas semanas foi asinado por medio millón de persoas, o 10 por 100 da poboación católica.

Polo norte camiñou a Alemaña, onde obtivo 1.800.000 adhesións –tamén un 10 por 100 dos católicos–, co estímulo dalgúns bispos. Polo norte pasou a Suíza e, polo sur, chegou a esa Italia fronteiriza co Tirol: a diocese de Bressanone-Bolzano (18.284 sinaturas en algo máis de 3 meses, o 5 por 100 da poboación). Viaxou a Bélxica, Francia, Holanda e Inglaterra, e navegou ata Canadá e Estados Unidos; agora anda polo Brasil, estendéndose por América Latina e brinca a África e Asia.

En Portugal, con apoio de varios bispos, tomou pulo dende xaneiro deste 1997 e en España está consolidándose a organización.

A nosa revista Irimia traduciu o documento en abril de 1996 (nº479, páx.14), suxirindo: «Se algún irimego ten forzas para empuña-lo temón, aí vai o texto». Pero Irimia non se quixo empeñar no asunto. O lema «Nós somos Igrexa», antigo coma o Concilio, foi un berro de resignación por parte dos segreses ó verificaren que nada se movía e todo seguía en mans da xerarquía. Un premio de consolación verbal.

Para o común da xente, Igrexa identifícase con xerarquía. De aí que

algúns traducen o lema cun título involuntariamente traidor: «Nós *tamén* somos Igrexa»; adverbio sintomático que delata que unha cousa se di pero pénsase outra ben distinta.

¿Que pasaría se un empresario decidise crear un slogan de eficacia facéndolles dicir ós traballadores: Nós tamén somos empresa? Un obreiro concienciado preguntaría quen planifi-



O primordial é o pobo de Deus

ca a produción e quen participa nos beneficios. ¿Quen manda e decide na Católica?

Os límites do documento

Vén condicionado pola súa orixe centroeuropea: un nacemento moi intraeclesial. Certo que o documento ten alto interese porque reivindica algo elemental: os dereitos dos fieis na Igrexa e a radical igualdade dos cristiáns. Estase reclamando a transición dunha Igrexa preconiliar, de aspecto monárquico, a unhas comunidades cristiás de talante democrático posconiliar.

O que pasa é que os irimegos amosámonos máis interesados pola sociedade, pola humanidade, polo mundo, ca pola mesma Igrexa, que temos moi relativizada. Vivimos ese decepcio-

mosche Igrexa

opobo de Deus

nado salaio de Alfred Loisy: «Agardabamo polo Reino e o que chegou foi a Igrexa».

Nos documentos oficiais aínda está presente ese eclesiocentrismo que porfía en que «fóra da Igrexa non hai salvación», como reitera o Catecismo, que confunde Igrexa con Reino. Mesmo chega a esta afirmación: «O mundo foi creado en vistas á Igrexa» e «A Igrexa é o fin de tódalas cousas» (nº 760).

Se agora entramos no xogo asegundando o proxecto da Coordinadora de Cristiáns Galegos, é por tres motivos: a) constitúe unha corrente mundial da que non nos parece lóxico estar ausentes; b) aínda que nos parezan reivindicacións intraeclesiais, bo é poñela propia casa en orde para poder saír fóra coa cabeza ergueita; c) aínda así haberá moita xente á que o documento lle pareza ousado e duro, cando para nosoutros se trata dun escrito de mínimos.

Por iso mesmo pensamos en que a Romaxe de Crentes Galegos de 1998 podería levar este lema: «Nosoutros sómosche Igrexa», para que se poida beneficia-lo maior número posible de cristiáns desta elemental e básica toma de conciencia.

Enténdase ben que dicimos *nosoutros*, é dicir, o grupo dos bautizados coma contraposto a ese grupo xerárquico *-eclesiástico-*, que vén acaparando o poder *eclesial*: do pobo de Deus. Por iso o documento leva un subtítulo: *Chamamento do pobo de Deus*. Tamén dicimos «sómosche», utilizando ese pronome de solidariedade *-che-*, tan galego e que lle dá unha tinteira entre confidencial e irónica.

Máis algo dende Galicia

Nada se reclamaba no documento orixinal sobre un fenómeno actualmente urxente para moitos pobos, coma no

caso galego: o da súa identidade étnica e a necesidade de que o Evanxeo teña raíces na cultura e idioma de cada pobo, e isto constitúe outro defecto de nacemento. Outramente sucedería se o documento fose redactado polas Igrexas de África, Asia ou Latinoamérica, lonxe do eurocentrismo do que veñen sendo vítimas.

Irimia foi para que casen fe cristiá e galegidade despois de longos séculos dunha Igrexa en Galicia que dominou, pero que non foi Galega; non pertenceu ós pobres.

Hai dous motivos para non pasarmos por alto tal reivindicación: a lei da encarnación esixe que toda actuación cristiá se faga carne no territorio onde se desenvolve; maiormente - este é o segundo motivo-, cando está en xogo o privilexio bíblico dos pobres.

En Galicia tales pobres son o conxunto de labregos, mariñeiros e obreiros que chamamos *xente do pobo* e que teñen coma fala propia o idioma galego; viven mergullados nun mundo cultural propio e séntense agraviados, se é que esperataron do sono, polo inexplicable comportamento dunha Igrexa que vive a moita distancia. Depauperados pola invasión dunha cultura e unha lingua alleas, sáibano ou vivan alienados.

Por isto engadimos un sétimo punto baseado na definición de Pedro Arrupe: «A inculturación é a encarnación da vida e da mensaxe cristiá nunha área cultural concreta, de xeito que non soamente esta experiencia se exprese cos elementos propios á cultura en cuestión (o que non sería máis ca unha adaptación superficial), senón ademais que esta mesma experiencia se transforme nun principio de inspiración, á vez norma e forza de unificación, que transfor-



"A ilustración é a encarnación da vida e da mensaxe cristiá nun área cultural concreta" (P. Arrupe)

ma e recrea esta cultura, estando así na orixe dunha *nova creación*».

Isto non pode realizarse sen oído atento ós murmurios parturientes do Materno Espírito, que só adoitan escoita-los bos e xenerosos, dispostos a superaren a inercia da institución.

7 «Quedaron cheos do Espírito Santo ...Cadaquén sentíaos falar na propia lingua»

(Feit 2,4-6)

A experiencia cristiá do pobo galego deberá ser punto de partida:

- * para que esta experiencia se exprese cos elementos propios da nosa cultura, principalmente na nosa fala, maioritaria da xente, e, na práctica, a única dos pobres, pero case que totalmente ausente da Igrexa;
- * esta mesma experiencia galega ha transformarse nun principio de inspiración en orde a unha nova creación do Materno Espírito para que a mensaxe evanxélica poida ser convenientemente comunicada.

¿En que consiste ser Igrexa?

A eclesiología veu afirmando que os xerarcas son a Igrexa por antonomasia, e os cristiáns, *tamén*, como se a fe e no bautismo procedese por *participación* deles.

Nosoutros afirmamos que *tamén* eles son Igrexa. O Concilio deixou claro que o primordial é o pobo de Deus e a igualdade polo bautismo e, secundariamente, os diversos servicios. E así, unha formulación *eclesiástica* trocámola en *eclesial*.

A Igrexa non é o Reino. Pervive un cristianismo chamado de *presencia* que porfía en ter institucións propias competitivas coas «mundanas»: escolas, medios de comunicación, etc. A chamada cristiandade promove tal presenza dominante e privilexiada pois concíbese a si mesma coma sociedade perfecta.

Nosoutros sostemos un cristianismo de *mediación*, que renuncia a institucións propias, uníndose a tódalas persoas que loitan pola transformación da sociedade, sen lles pedirmos carné de identidade relixiosa. «A Igrexa católica é un camiño entre outros» (Christian Duquoc), aínda que para nós

sexa tamén o lugar histórico onde recibímos e mantémo-la fe e mailo servicio ós humanos.

O noso espacio vital non é o templo -o *fanum*-, ubicación que conduce ó fanatismo, senón a secularidade, a laicidade: situámonos no adro, diante do «fanum»; dende a *profanidade* e ser mediadores co resto dos humanos para empurra-lo carro da nosa existencia pola vía da liberación.

Os primeiros cristiáns non tiveron templos e celebraban a súa fe nas casas: eucaristías domésticas nas que a muller tiña un posto natural, e mesmo os escravos participaban coma irmáns. No século II nace a distinción entre os clérigos -que significa «selectos»-, e os laicos ou «do pobo». Aínda faltan dous séculos (IV) para que naza a xerarquía, que, sen embargo, se empeñan en dicir que é de orixe divina.

Sete estrofas para un documento

1. Libres nos fará a verdade se a verdade libre é: que o pobo empuñe o temón cómpre na Igrexa, abofé.
2. Ser do pobo évos ser laico e na Igrexa moito dura unha división noxenta: ¡goberna a clericatura!
3. Que a Igrexa é clerical sábeo todo can e gato: escollen nenos pra cregos, cánganos co celibato.
4. Iso da misericordia lévase ben co perdón; mais nada ela ten que ver coa canónica sanción.
5. Deus creounos macho e femia: non se pasa nada mal con este invento divino: co agasallo sexual.
6. Medra a fame en todo o mundo e o Capital, día a día, con bendición moitas veces esmendrella a ecoloxía.
7. Coa forza do noso pobo proclamámo-los dous credos: «Nosoutros somos Igrexa» e «Renacemos galegos».

O CARRABOXO por XOSÉ LOIS



Para ver

Secretos do Corazón
(Montxo Armendáriz, 1996)



Tras dúas incursións nos máis sórdidos ambientes xuvenís urbanos en *27 horas e Historias del Kronen* o realizador navarro volve agora con *Secretos del corazón*, trece anos despois da súa primeira longametraxe (*Tásio*), a centra-la súa narración no mundo rural.

A través da mirada de Javi, un neno de nove anos, váisenos presentando a sociedade española dos 60 cos seus tabús, os seus complexos, pero sobre todo chea de palabras grandilocuentes tralas que se esconden os grandes temas da vida: a política, a relixión, o sexo, a morte, a familia... O propio director dicía que se trata de presentar *o momento máxico e irrepetible no que se abandona a nenez para acceder ó mundo adulto...* Pero ó noso modo de ver conseguiu moito máis xa que logrou facer da película un exercicio de reflexión sobre a propia condición humana.

Unha vez máis falar do cine de Montxo Armendáriz convértese en falar do cine dun director humilde e arriscado, dun auténtico narrador de historias cotiás que da súa man se transforman en precisas radiografías da realidade española.

Para recordar

O carteiro (E. Pablo Neruda) - Il Postino
(Michael Radford, 1994)

Normalmente as películas responden ó interese dun determinado produtor ou director por levalas adiante, sen embargo neste caso foi o empeño do actor italiano Massimo Troisi o que fixo posible a realización de *O Carteiro (e Pablo Neruda)*.

Baseada na novela *Ardiente paciencia* do escritor chileno Antonio Skármeta —xa adaptada con anterioridade ó mundo radiofónico, ó teatro e incluso ó cine co propio autor do libro coma director—, o film nárranos a relación que se establece entre Pablo Neruda (Philippe Noiret) e Mario (Massimo Troisi), un carteiro que ten como único cliente ó escritor.



A modificación do título orixinal engadíndolle (*e Pablo Neruda*) fai pensar nun coprotagonismo entre carteiro e poeta; sen embargo non é así.

O centro do film é o primeiro e, sobre todo, é a relación que se establece entre dous mundos: o da inocencia e o da cultura cunha única canle de comunicación entre eles: a poesía, por que esta *non é de quen a escribe senón de quen a usa*.

Dicía Massimo Troisi, xa moi enfermo durante a rodaxe, que o cine era a súa vida, pois ben agora Buena Vista Home Video Entertainment acaba de poñer á venda o seu testamento cinematográfico.

Para traballar

Taxi
(Carlos Saura, 1996)

Os distintos procesos xudiciais que se están a levar a cabo en España contra grupos de extrema dereita, os cada vez máis frecuentes ataques xenófobos que se dan por todo Europa, o Congreso da Fronte Nacional de Le Pen en Estrasburgo...foi o que nos suxeriu a proposta de traballo deste número: *Taxi*.

Dirixida por Carlos Saura, o máis profundo cronista cinematográfico da España destes últimos corenta anos, relata as andanzas dun grupo de taxistas que amparados na escuridade da noite e á marxe da lei, limpa as rúas do que eles consideran «escoria social»: negros, drogadictos, prostitutas... As andanzas desta especial «familia», como gustan chamarse, veranse en perigo cando a filla dun deles vai descubrindo a realidade do que se agocha detrás das súas actuacións.

En contraposición a outras obras do director aragonés, pensemos en *Elisa vida mía*, *Cría corvos* ou *Os ollos vendidos*, *Taxi* é unha película simple e esquemática sen perder por iso profundidade na súa análise. E é este carácter sinxelo e o feito de que Saura tivera levado a súa historia a unha escala familiar e común o que a converte nunha ferramenta útil para traballa-lo tema dese fascismo cotián que non pensa pero actúa.

DESCRIPTORES: Racismo. Xenofobia. Fascismo. Relacións familiares.



Para non perder: As celebracións que co gallo do centenario da chegada do cine a Galicia vanse levar a cabo nas principais cidades do noso país, comezando xa este mes de abril en Pontevedra.

Contencioso Roma Cuba

O cardeal Camillo Ruini, presidente da Conferencia Episcopal Italiana e bispo vicario de Roma, viaxou ó Caribe e entrevistouse con Fidel Castro para iren preparando a visita pontificia en xaneiro do próximo ano. O cardeal Rosalío Castillo Lara fixo unhas tremendas declaracións contra o réxime de Fidel, que tiveron que ser desmentidas polo Vaticano. Reproducimos aquí a entrevista que o xornalista Marco Politi lle fai ó coñecido teólogo Giulio Girardi, exipcio-italiano que dende hai anos traballa en Nicaragua.

Fidel e a Igrexa. Abonda cunha entrevista para que de novo se abran vellas feridas e estoupem polémicas. «É necesario que Fidel Castro faga público arrepentimento sobre os seus erros», declarou o cardeal venezolano Castillo Lara, e de súpeto erguen a cabeza aqueles católicos que rexeitan a satanización da experiencia castrista e lembran os compromisos dunha boa parte da xerarquía eclesiástica coas pasadas dictaduras latinoamericanas.

Giulio Girardi, ex-salesiano, un dos máis prestixiosos expoñentes da teoloxía da liberación nos anos Setenta, reacciona axiña en carne viva: «Indignoume a dureza do xuízo do cardeal sobre Castro e o seu réxime cubano, e feriume o momento escollido, precisamente mentres o cardeal Ruini realizaba o diálogo entre a Igrexa e a revolución cubana. A intervención de Castillo Lara foi feita, abofé, cos tons dos grandes inquisidores. Trinta e sete anos de historia son descritos coma delictos contra o pobo e a Igrexa e -isto é o que máis me desconcertou, o réxime cubano foi definido coma cen veces peor có de Pinochet. ¡Inaceptable!

-Profesor Girardi, vostede forma parte dos cristiáns que sempre ollaron con simpatía a revolución de Castro. A intervención do cardeal Castillo Lara parece que o fere persoalmente.

-Non acepto que fale, referíndose a Cuba, dunha típica violencia represiva

comunista. Haille un momento na entrevista na que o entrevistador pregunta: «Vostede, que é venezolano, ¿foi testemuña destas persecucións? Un xeito suave de pedir probas. No canto delas, o cardeal repite as súas acusacións e proclámaas coma verdade histórica, criminalizando a historia enteira dun home e dun pobo.

-Imos intentar refacer xuntos esta historia. ¿Como define vostede a revolución cubana?

-Foi o esforzo heroico dun pobo e dun movemento revolucionario para realizar, aínda que con contradicións, un novo modelo de sociedade inspirado na solidariedade. Alí a solidariedade non é unha concesión, senón o dereito de todo cidadán á realización das

propias esixencias. Ademais é a experiencia dun pequeno pobo solidario cos pobos do Terceiro Mundo. Tantísimos cadros latinoamericanos e africanos se formaron nas escolas cubanas e, á súa vez, Cuba enviou médicos, mestres, enfermeiros a moitas nacións onde era urxente a solidariedade.

-¿Cales son, para vostede, os puntos cualitativos do sistema cubano?

-Vou falar de feitos: foi eliminada a miseria, garantíuselle-lo necesario a todos, todos recibiron unha educación e unha asistencia sanitaria de alto nivel. Hoxe tales resultados vénse ameazados polo estrangulamento producido polo embargo estadounidense e pola creba

das relacións económicas que Cuba tiña coa Unión Soviética, e aínda así a revolución cubana non quere renunciar a tales conquistas.

¿Realizouse en Cuba un ser humano novo? Non sei como dicilo. Con todo, podo afirmar que medraron as promocións de profesionais, de médicos, de enxeñeiros, de ensinantes que non viron o propio éxito só na recompensa material, senón tamén ofrecendo a propia competencia ó propio pobo e



O secretario de Estado do Vaticano conversa con Fidel Castro durante a cumbre da FAO.

a outros pobos. En Nicaragua, situación que coñezo persoalmente, había profesionais cubanos -voluntarios-, que arriscaban a propia vida. E se morrían, chegaban outros voluntarios.

Certo que o balance da revolución cubana será contradictorio, pero en Occidente esquecen os aspectos positivos.

-¿Non cre vostede que a palabra «contradicións» foi usada con demasiada frecuencia polos intelectuais progresistas para evitar persecucións, normas antiliberais, limitacións á liberdade de expresar publicamente o propio credo ou de optar entre máis partidos?

-Non oculto as limitacións existentes. Por outra parte afirmo que a experiencia cubana é defendida en termos de verdade. Cuba non precisa de mentiras. Pero unha cousa é a crítica no interior dun proxecto revolucionario, en parte abandonado por culpa de factores externos, e outra cousa é a crítica á luz dunha concepción de democracia que consideramos perfecta e que témo-la tentación de impoñer a tódolos pobos do Terceiro Mundo. Tamén os nosos sistemas teñen limitacións, non podemos ser eurocéntricos.

-Pero de feito nas negociacións entre a Santa Sé e Cuba discútese sobre a abolición de restricións e prohibicións que pesaron moito tempo sobre a comunidade eclesial cubana.

-Nas relacións entre a revolución e a Igrexa, abofé que apareceron contradicións. Por unha parte esta revolución manifestou gran sensibilidade polos valores morais, que son importantes tamén para a inspiración cristiá. E penso na tradición personalista de José Martí, no papel xogado por personaxes coma o padre Varela ou o padre Sardinias.

Ademais, houbo importantes recoñecementos verbo da experiencia cristiá coma a de Camilo Torres [crego colombiano morto na guerrilla en 1966], dos *Cristiáns polo Socialismo*, da teoloxía da liberación. O mesmo Fidel salientou a alianza estratéxica entre cristianismo e marxismo.

Por outra parte pesou a influencia ideolóxica soviética. O ateísmo científico do *marxismo-leninismo* tivo un papel importante na formación e na deformación dos cadros ideolóxicos do partido e na discriminación tamén daqueles crentes que se adherían á revolución.

Pero cómpre non esquecer que a Igrexa cubana estaba comprometida coa dictadura de Batista e no primeiro decenio do novo réxime adoptou unha postura claramente hostil á revolución. Houbo cregos implicados en tentativas de golpes de Estado.

(Tomado de ADISTA, Nº 6, 19 xaneiro 1977)

¡Benaventurados os limpos de corazón!

Hoxe escribo esta historia porque as benaventuranzas do Sermón da Montaña están aquí...¡tódolos días!

Eu son mestra, teño 4 fillos e para criar eses catro fillos, que agora son mozos, tiven necesidade de buscar alguén que me axudase. E a ese alguén que me axudou é a quen quero render unha homenaxe de admiración e agradecemento...¡porque xa está con Deus!

Sacou os fillos adiante

Morreu o primeiro sábado de febreiro, véspera da Candeloria. Era unha mulleriña sinxela e traballadora... Nos seus anos mozos ela e mailo seu home estiveron de caseiros. Quedou viúva moi nova, con seis fillos pequerrechos e pouca saúde, como ela dicía. O traballo era moito... e para mandar a uns á escola a aprender algo, tivera que sacrificar a outros que lle axudasen a traballa-las terras, pero foinos sacando.

Pasou uns momentos malos ¡ata o punto de pensar facer unha barbaridade!, pero ó final ¡sempre confiaba en Deus! Así o contaba ela.

Cando os seus filliños marcharon e cada un buscou o seu xeito de vida, ela foi de ama de cura...¡Era moi bo aquel D.Xosé!, e ela estivera moitos anos servindo a el e a Deus de todo corazón.

Cando lle parecía que non era quen de face-lo traballo todo o ben que ela quería, veuse para a súa casa de Lugo pero ¡como ela contaba tamén!, Deus quería que seguise traballando e eu tiven a grande sorte de que viñese para xunta de nós cando naceu o noso fillo Jaime.

Chamábase «Generosa»: éraa

Xa tiñamos a Macu, viviamos na casa-escola e veu vivir connosco. Os pequerrechos estaban con ela na casa e eu baixaba á escola. Naceu despois María e ela loitaba con eles tanto coma min, porque eran seguidiños. Levábaos tamén de paseo.

E lémbrome que aló polo ano 72 veu un día de vento que levaba as lousas coma se fosen plumas. Estaba ela soñía cos tres nenos e cando chegamos marchara da casa e estaba fóra rezando con

eles, e os tres coma pitiños debaixo da pita acubillados e agarradiños a ela... Eles queriana e sabían que nunca os deixaba. Cando eu na escola lles preguntaba as letras, dicían «que marchaban para xunto de Generosa que as sabían moi ben con ela»...

O noso fillo Jaime dicía tamén sempre que «cando a Generosa lle marchasen as raias (as enrugadas) que tiña na cara, había casar con ela». El hoxe está casado pero o *amor* a Generosa conservouno sempre, e sempre que viña a Lugo ía vela e contaba ela que «a enchía de bicos».

Criou e quixo ós nosos fillos, pero aínda Deus lle pediu algo máis... Morreulle unha nora e deixaba dous meniños case que en «pañais» e aínda foi ela atender ó fillo que quedaba viúvo e cria-los netiños... ¡E sempre confiando en Deus!

Aqueles netiños tamén saíron coa súa axuda e a axuda de Deus. E xa tiña moitos anos cando marchou a vivir coa súa filla Maruja ¡aquela que ela tivera que sacrificar tanto para que os outros irmáns puidesen aprender algo. «Como non chegaba ó vertedeiro para frega-los pratos, ela tiña que poñerlle unha banqueta debaixo dos pés». E con Maruja viviu os derradeiros anos da súa longa e completa vida. Deus concedeuille unha longa avia ¡Tiña 97 anos!

Morreu coa Candeloria

E concedeuille poder ir á misa tódolos días, facendo a camiñada mañá e tarde ata a catedral ou ata calquera das parroquias onde ela quería chegar. Concedeuille poder subi-las escaleiras ata un 4º piso mañá e tarde, tódolos días. Concedeuille unha filla coma Maruja, que a coidou coma unha princesa ata o último suspiro e concedeuille a gracia de levala ó ceo un sábado, como ela lle pedía á Virxe, porque sabía que ese día «viña a recolle-la súa alma sen pasar polo purgatorio».

E a nós concedéuno-la gracia de coñecela, querela e ter unha intercesora no ceo, que non se esquecerá de axudarnos despois de morta como nos axudou na súa xenerosa vida.

Joaquina Prada Arias.

O lobo da concentración de explotacións

Unha vez máis a mesma Ministra de Agricultura declarou (3 de abril) a intención política de animar ós labregos con poucas vacas a que abandonen a produción de leite, porque seica só os grandes teñen futuro. Este novo anuncio da chegada do lobo da concentración en poucas mans das posibilidades de producir vén a conto da inminente entrada en vigor dos novos requisitos de calidade no leite.

Sen embargo, o lobo non o é tanto, alomenos desta volta. Resulta que a media das mostras de calidade tomadas na pasada campaña en Galicia polo laboratorio independente que se encarga do asunto (LIGAL), dá como resultado un aprobado para o noso leite. O esforzo realizado polo sector galego nos últimos anos é impresionante e quizais lles toque agora pagar a outros, onde non se cumpre xa o primeiro requisito dunha cabana gandeira perfectamente saneada.

Os gastos de mellora das instalacións que agora se esixen (auga potable, unha leitería illada do exterior) son asumibles na maioría dos casos, entre outras cousas porque en moitas cortes novas xa se viñeron cumprindo. É posible cumprilos, ademais, con independencia do tamaño da explotación. Aínda máis, certas condicións de calidade do leite, como a ausencia de antibióticos (inhibidores) resultan máis fácil de controlar a pequena escala.

Resulta posible producir, en explotacións de cinco a dez vacas, leite de calidade con tódolos requisitos. O peixe grande come ó pequeno, pero non sempre.

No documento que aquí reproducimos deixamos que Antonio Fernández Oca, o noso experto no tema, nos aclare estas cuestións.

D.L.M.

¿Que teñen que face-las explotacións productoras de leite para cumprir coa normativa a partir do próximo mes de xaneiro?

1º.- Ter cuberto, ó día, o libro da explotación onde se recolle a **Cualificación Sanitaria do Gando**. Este libro téñeno tódalas explotacións que realizan as campañas de saneamento oficial. Foi facilitado pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, tendo obriga, o titular da explotación, de rexistra-las altas e baixas dos animais de acordo coa normativa vixente.

2º.- Tódalas explotacións que producen e comercializan leite e que están **Cualificadas Sanitariamente** (realizan as campañas de saneamento oficial) **Pasan a Estar Rexistradas, sen máis requisitos, como unidades de produción homologadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.**

3º.- Dispor nas instalacións gandeiras de **Auga potable**. (Un sistema de cloración de auga que utilizan ou dispoñer dun **Certificado de Potabilidade da auga** que pode analiza-lo LIGAL.

4º.- As cortes deben permiti-la limpeza dos xurros e bostas, para que os animais estean aloxados nun ambiente saudable e se a muxidura se realiza na praza da estabulación, xa sexa en **Pote** ou **En Circuito**, poida realizarse baixo condicións hixiénicas satisfactorias.

5º.- Cando o leite sexa recollido nas explotacións cun tempo xa maior de dúas horas despois do muxido, é dicir, en todas agás naquelas que destinan o leite a fabricación de produtos artesanais, venda directa ou parecida finalidade, **Deberán dispor dun local -leitería- onde se atopa instalado o equipo refrixerador do leite, que garanta o arrefriamento ata, como mínimo, 8°C** se a recollida é diaria ou a 6°C se a recollida é alterna, nun tempo non superior ás 3 horas.

O local da leitería debe reuni-las seguintes condicións:

- * Superficie 4 veces superior á ocupada polo tanque.
- * Paredes e solo acondicionados de forma que faciliten a limpeza.
- * Sumidoiro debaixo da billa de baleirado.

- * Ventilador con entrada cara ó condensador e saída pola parte oposta a este. A superficie de entrada de ventilación debe chegar ó 5% da do condensador, como mínimo.

- * Nivelación.
- * Instalación eléctrica antihumidade.
- * Toma de auga a presión.
- * Porta exterior suficientemente ancha.
- * Sen comunicación directa co aloxamento do gando.
- * Non construído sobre a foxa do xurro.

6º.- Que o leite á saída da explotación estea oficialmente controlado (LIGAL) e cumpra coas condicións seguintes:

- * **Un leite san:** Con menos de 400.000 células somáticas/ml. Sen inhibidores (antibióticos, etc...) Sen ser augado.
- * **Un leite limpo:** Con menos de 100.000 xermes/ml. Sen lixos.
- * **Un leite en bo estado:** Sen malos cheiros. Sen malos sabores.
- * **Un leite nutritivo:** Polo menos 2,8% de materia proteica sobre volume. Isto non quere dicir que a calidade «Standard» sexa como mínimo o 3,1% sobre a masa do leite.



Todo o leite que saia da explotación ten que pasar un control oficial de calidade.



Prácticamente a totalidade da cabana leiteira galega está saneada.

Comentario

A maioría das explotacións leiteiras que *venden leite* en Galicia cumpre cos requisitos esixidos no que se refire á estrutura productiva: animais sans, explotacións rexistradas e controladas oficialmente, non requirindo realizar grandes investimentos para cumprir coa normativa que vai entrar en vigor.

Terán que facer un esforzo, moitas delas, en dotarse dunha leitería cun equipo de frío que **Cumpran os requisitos esixidos**, así como dotarse dun abastecemento de **Auga potable**.

O reto difícil vai ser cumprilas esixencias de producir un **Leite de calidade comprobada** (san, limpo e en bo estado) senón que a **Clave** está en establecer e aplicar un **Método de manexo global** da explotación que permita ter animais sans e ser moi limpos na muxidura e conservación do leite. Nunha palabra,

Facer ben aquelas cousas que **Facemos mal**.

Tamén parece oportuno sinalar que tódalas actividades agropecuarias que están encadradas no apartado de actividades con posibilidade de degrada-la calidade das augas de dominio público hidráulico deben *respecta-las condicións ambientais segundo as normativas específicas de cada concello e tamén nas que son competencia da Confederación Hidráulica do Norte de España*.

Pero estas normativas ambientais non son esixencias en exclusiva para as explotacións leiteiras, son esixencias que abranguen, como xa temos dito, tódalas actividades económicas que poidan danalas condicións ambientais. Está a punto de saír a normativa galega sobre as **Boas prácticas agrarias**; nese momento, coído que será de interese facer unha divulgación adecuada dela.

Antonio Fernández Oca

O NOSO TABOLEIRO

Irimianza da Coruña en Meira Peregrinación ó Pedregal de Irimia

*Loámoste, Señor, pois dás
para andármolo camiño
o alento da Palabra
e a forza do Pan e Viño.*

Os organizadores da XX Romaxe de Crentes Galegos, na Coruña, facemos un chamamento a tódolos irimegos da cidade herculina e maila súa comarca para que vos poñades en camiño a celebrar con gozo e ledicia a irimianza deste ano cunha peregrinación ó Pedregal de Irimia.

*No Pedregal de Irimia
onde nace o río Miño
no ano Setenta e oito
princiámo-lo camiño.*

Cando xa parecía que non era doado face-la xuntanza anual de Irimia na Coruña, velaí, cousas da vida, ou a saber se do Materno Espírito, a *Ruah* que zoa onde e cando quere, o certo é que este grupo tan ilusionado en facer posible a Romaxe deste

ano decide que é necesario tornar ás fontes, ás raíces do noso ser irimego, para desfrutar dun día de amizade, de festa, de lecer, de acougo, pero tamén, como non, de reflexión tranquila e serena.

A nosa proposta e invitación, que facemos extensiva a todas e todos cantos queirades compartir esa data con nós, é a seguinte:

- * Será o sábado 26 de abril.
- * Da Coruña poñemos autocares que sairán ás 9 da mañá.
- * Ás 11 xuntarémonos todos na praza de Meira, a carón do vetusto mosteiro cisterciense, para emprende-lo camiño ata o Pedregal (algo máis de 2 quilómetros).
- * Haberá un pequeno relatorio que desenvolverá o tema da Romaxe: *A liberdade faravos verdadeiros*. Tamén se contará a fermosa lenda das pedras, a meiga e os frades.

- * Cadaquén levará o seu xantar e procuraremos na medida do posible facer festa.
- * Poderemos remata-la estancia en Meira cunha oración vespertina.
- * Habemos contar con xente capacitada para explica-la historia e a arte da igrexa monacal de Santa María de Meira, o castro de Viladonga, etc.
- * Para información e apuntárvos ó autocar, podeades chamar ós teléfonos de Coruña; 13 83 86, despois das 9 do serán (Anuncio) 12 13 12 (María Xesús)

Ánimos a todas e a todos, camiñemos ás raíces do noso ser galegos e cristiáns:

*Camiñantes, peregrinos
da nosa Terra galega
cantando as súas ledicias
e chorando as súas penas.*

Anuncio Moroño

Ditos sobre a muller

Xestación e parto

Se era rica a fraseoloxía sobre a menstruación, que repasamos no número anterior, nada ten que lle envexa-la referida ó preñazo e ó parto. Así, **Facerlle a barriga a unha muller** ou **poñela para diante** non vén ser outra cousa que deixala **en estado**; un pouco máis estraño resúltanos **Empreñar do aire e parir do vento**, xa comentado nesta sección con outro significado e por varias persoas, pero que tamén se lle aplica á moza que «está encinta e non di de quen, ou quere ocultar-la súa situación». Xa desde os primeiros síntomas do embarazo dunha muller dicimos que **anda aniñando**. Se se ve con bos ollos fálase de **Estar en estado interesante**, pero se se mira ó través aparecen expresións como **Caer encinta**, **Levar un pendullo** ou **Ter un bazrrigato** ou **barrigoto**, outras connotacións negativas veñen asociadas a fauna, así **Ser coma a vaca parideira** e **Ser unha boa coella** aluden á frecuencia dos preñazos deste animais. Cando a muller está no último período de xestación optamos por **Andar coa barriga á boca**, mentres que, se o parto se aproxima, aseguramos que **está chegada** ou **chegadiña**, ou que **anda en vísperas**

de parir. E cando a preñada **está xa fóra da conta** dos nove meses concrétese que **anda a cada hora**. Acércase a data do nacemento e a muller **está para caer na cama**. Por fin, chega esa hora, esa **horiña pequena** que moi cariñosamente lle puideron desexar durante o embarazo: **¡Que Deus che dea unha horiña pequena!** ou esa **hora mellorada** do refrán *Non sabe ben o que é unha hora millorada a muller que non pariu*. E coa hora chega a luz: **da-la luz** ou **dar á luz** son quizais os ditos máis coñecidos por todos para ese feliz momento, e a bo seguro, moito máis coñecidos e moito máis agraciados ca **¡Caülle o forno!**, para dicir, en confianza, do que a muller acaba de darlle unha nova filla, ou **Levar mala noite e ó cabo parir filla**, dito que «revela a mala estima da muller, porque pretende afirmar que é mellor ter fillos ca fillas». Talvez máis sorpresa e menos connotacións poden agacharse baixo aquel de **deitarse dous e amañecer tres**.

E non queremos esquecer aquí esoutra muller, a que non chegará nunca a saber o que é unha **horiña pequena**, da que se di que **está seca**: é a muller estéril, a muller que non pode ter fillos.

Anarquía sexual

Coma un resorte. En canto hai o máis mínimo tema «escabroso» por mínima importancia real que teña, saltan coma un resorte. ¡Amigo! é a tremenda cuestión sexual, motivadora, directora das reaccións dos nosos bispos. Fan así un curioso seguidismo dos dictados do xornalismo «amarelo».

O recoñecemento municipal dunha realidade de feito (dous irmáns que emparellaron en Cambre sen saberen que o eran, xente marxinada onde a haxa).

Foi condenada como «anarquía sexual», dúas respectabilísimas palabras que usadas como o foron, por quen o foron e a raíz do acontecemento do que foron (que non deixa de ser un acto laico de misericordia), só descalifica, desgra-

ciadamente, a quen as pronunciou, perdendo unha extraordinaria ocasión para facer un discreto e caritativo silencio.



1. Normal é que meta medo co Evanxeo entrar en danza pois incómodo resulta e pérdese a seguranza.
2. Que o fregués se poña alerta se, farruco, o señor cura autoritario afirma que el ten doutrina segura.
3. Moita xente está na lúa pensando que ela é o ceo e que se gaña rezando sen ulisca-lo Evanxeo.
4. Hai pastor que quer ovellas clónicas, que día a día prefiren o culto e clero rexeitando a profecía.
5. A profecía dá medo; en cambio, o señor abade ceiba bendicións a oito, garante seguridade.
6. Que o seguro é comfortable eu saber, sabelo seino: máis ca estar asegurado mellor é busca-lo Reino.
7. Hai xentes acomodadas que case nos dan envexa pois seica atopan o Reino sen saíren da igrexa.
8. Polo demais, hai xentiña que cavila estar segura se todo está ben atado como foi na dictadura.
9. Outros moitos non procuran outra mellor seguranza cá de encheren os petos e irille dando gusto á panza.
10. Os que son autoritarios e tamén se amosan duros disque seica é soamente porque son moi inseguros.
11. A psicoloxía afirma que o dictador non madura por ter difícil infancia sendo persoa insegura.
12. Coñezo un mangallón que é líder en Galicia que di preferir, con Goethe, á desorde, a inxusticia.
13. Todo isto é comprensible: seguro é só de verdade quen, confiando en si mesmo, favorece a liberdade.